

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

4911 *Orde HFP/371/2018, do 9 de abril, pola que se regulan as actuacións de planificación, execución e avaliación correspondentes á supervisión continua das entidades integrantes do sector público institucional estatal.*

O informe da Comisión para a reforma das administracións públicas, que se elevou ao Consello de Ministros o 21 de xuño de 2013, formulou 217 propostas baseadas no convencemento de que unha economía competitiva exige unhas administracións públicas eficientes.

Nel prevíuse a elaboración de dúas leis: unha, reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece unha regulación completa e sistemática das relacións *ad extra* entre as administracións e os cidadáns e empresas, e outra, comprensiva do réxime xurídico do sector público, onde se regulan as relacións *ad intra* das administracións públicas.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dispón que todas as administracións públicas deberán establecer un sistema de supervisión continua das súas entidades, co obxecto de comprobar a subsistencia dos motivos que xustificaron a súa creación e a súa sustentabilidade financeira, e que deberá incluír a formulación expresa de propostas de mantemento, transformación ou extinción, de conformidade co previsto no artigo 81.2 da citada lei.

Con respecto ás entidades do sector público institucional estatal, o artigo 85 da lei dispón que están sometidas ao control de eficacia e á supervisión continua.

O control de eficacia, segundo o previsto no artigo 85.2 da citada lei, será exercido polo departamento a que estean adscritas, a través das inspeccións de servizos, e terá por obxecto avaliar o cumprimento dos obxectivos propios da actividade específica da entidade e a axeitada utilización dos recursos, de acordo co establecido no seu plan de actuación e as súas actualizacións anuais, sen prexuízo do control que, de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, exerza a Intervención Xeral da Administración do Estado.

De conformidade co artigo 85.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, a supervisión continua corresponde ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Intervención Xeral da Administración do Estado, e as actuacións de planificación, execución e avaliación deben ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.

Así mesmo, esta orde adecúase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, na medida en que esta persegue un interese xeral ao ter por obxecto unha xestión máis eficiente, a racionalización dos recursos públicos e unha mellora dos mecanismos de control do sector público institucional estatal; desta forma, constitúe o instrumento máis axeitado para garantir tal fin, é coherente co ordenamento xurídico existente e contribúe a un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza.

A norma estrutúrase en catro capítulos; o primeiro deles regula as disposicións xerais aplicables ao sistema de supervisión continua.

Neste capítulo régúlase o obxecto da orde, o ámbito de aplicación do devandito sistema, a finalidade e os medios para lograla, e os principios ordenadores do sistema, entre os cales destacan os de autonomía e independencia e exercicio contradictorio.

Neste mesmo capítulo, o artigo 6 define as funcións que en relación coa supervisión continua lle corresponden á Intervención Xeral da Administración do Estado e o artigo 7 regula a obriga de colaboración e de subministración de información das entidades incluídas no seu ámbito de aplicación. Pola súa banda, o artigo 8 define o alcance da

supervisión continua, determinando os aspectos de mínima verificación, e o artigo 9 establece a obriga, para os suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da orde, de remitir anualmente a través de medios electrónicos a información que nel se determina, a cal permitirá verificar o cumprimento dos aspectos establecidos ao definir o alcance do sistema. Finalmente, o artigo 10 define as actuacións que integran a supervisión continua, distinguindo entre aquelas que son de carácter automatizado e as concretas que se realicen dentro do ámbito do control financeiro permanente ou da auditoría pública.

Os capítulos II e III regulan a planificación e a execución das actuacións de supervisión continua, establecendo a anualidade daquelas de carácter automatizado e determinando a necesidade de inclusión nos plans de control correspondentes para aquelas que se realicen dentro do ámbito do control financeiro permanente ou da auditoría pública.

Finalmente, o capítulo IV está dedicado á avaliación do sistema e o seu único artigo regula os diferentes informes e memorias que se emitan derivados das actuacións realizadas.

Esta orde dítase en exercicio da habilitación legal outorgada ao ministro de Facenda e Función Pública contida no artigo 85.3 e na disposición derradeira décimo quinta da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Na súa virtude e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto regular as actuacións de planificación, execución e avaliación que realice a Intervención Xeral da Administración do Estado, que permitan desenvolver o sistema de supervisión continua previsto nos artigos 81.2 e 85 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Están sometidas á supervisión continua as entidades integrantes do sector público institucional estatal reguladas no artigo 84.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. As autoridades administrativas independentes estarán suxeitas ao sistema de supervisión continua en canto sexa compatible coa súa natureza e autonomía, coa súa lei de creación, cos seus estatutos e coa lexislación especial dos sectores económicos sometidos á súa supervisión, de conformidade co establecido no artigo 110 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 3. *Finalidade do sistema.*

O sistema de supervisión continua ten como finalidade verificar a subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación das entidades integrantes do sector público institucional estatal, a súa sustentabilidade financeira e a concorrencia das causas de resolución previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, referidas ao incumprimento dos fins que xustificaron a súa creación ou que a súa subsistencia non resulte o medio máis idóneo para logralos.

Artigo 4. *Medios para lograr a finalidade do sistema.*

Co obxecto de conseguir a finalidade do sistema, como resultado das actuacións previstas nesta orde ministerial, valorarase a formulación de:

a) Recomendacións de mellora referidas a aspectos organizativos e estratéxicos da entidade ou organismo, así como de xestión económica, orzamentaria e financeira, de recursos humanos e materiais, de xestión compartida e, en xeral, relativas a calquera

outro elemento establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, para cada tipo de organismo ou entidade.

- b) Propostas de supresión nos casos previstos legalmente.
- c) Propostas de transformación cando a forma xurídica das entidades non sexa a adecuada, de conformidade cos requisitos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 5. *Principios orientadores do sistema.*

O sistema de supervisión continua rexerese polos seguintes principios:

a) Autonomía e independencia: as actuacións de supervisión continua exerceranse con plena autonomía respecto dos organismos e entidades obxecto do control, e os funcionarios que as realicen terán independencia funcional respecto dos titulares das entidades cuxa xestión controlen e axustarán as súas actuacións ás instrucións impartidas para o efecto pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

b) Coordinación: atendendo a que se configura como un sistema de carácter horizontal, deberá establecerse unha canle de comunicación cos órganos que exercen a tutela dos organismos ou entidades do sector público institucional estatal. En particular, deberá coordinarse coa actuación que en materia de control de eficacia lles corresponde ás inspeccións de servizos departamentais. Así mesmo, esta comunicación poderase manter coas entidades que exerzan a supervisión xeral atribuída ao accionista das sociedades mercantís estatais.

c) Eficiencia: tomando en consideración a finalidade do sistema de supervisión continua en relación coa análise e avaliación da vixencia dos fins que xustificaron a creación das entidades que integran o sector público institucional estatal, constitúe un instrumento que debe contribuír á eficiencia no emprego dos recursos públicos.

d) Exercicio contradictorio: garántese que, antes de formular as conclusións e recomendacións definitivas, se dispoña dun prazo de alegacións para que formulen tanto o órgano que teña encargada a tutela como o propio organismo ou entidade suxeito a supervisión continua.

Artigo 6. *Funcións da Intervención Xeral da Administración do Estado.*

De conformidade co previsto no artigo 85 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado:

a) O desenvolvemento das actuacións de supervisión continua na forma prevista nesta norma.

b) O exercicio das funcións de planificación, execución e avaliación correspondentes á supervisión continua.

c) O deseño e a xestión dun sistema de información a que terán acceso, se é o caso, os órganos competentes dos departamentos ministeriais de adscrición, vinculación ou tutela e as propias entidades suxeitas a supervisión continua.

d) Ditar as instrucións necesarias para concretar os requirimentos de información, asegurar o desenvolvemento das actuacións e concretar os criterios e as directrices que aseguren o bo funcionamento do sistema.

Artigo 7. *Obriga de colaboración e de subministración de información.*

1. Os organismos e as entidades do sector público institucional estatal incluídos no ámbito de aplicación do sistema están obrigados a colaborar coa Intervención Xeral da Administración do Estado e a subministrar todos os antecedentes, documentos, programas ou arquivos, preferentemente en soporte informático, coa finalidade de cumprir os obxectivos do sistema.

2. Os órganos de vinculación, dependencia, tutela ou adscrición das entidades que integran o devandito sector contribuirán a dotar de operatividade o sistema, facilitando información á Intervención Xeral da Administración do Estado nos termos establecidos en convenios, protocolos xerais de actuación ou instrumentos similares.

Artigo 8. *Alcance do sistema de supervisión continua.*

Sen prexuízo da facultade de vixiar a concorrencia dos requisitos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, nas entidades integrantes do sector público institucional, desde a súa creación ata a súa extinción, o sistema de supervisión continua terá o seguinte alcance:

a) A verificación da subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación das entidades mediante a análise do contido dos plans iniciais de actuación ou documentos equivalentes segundo o tipo de organismo ou entidade de que se trate, en relación coas razóns que xustificaron a creación do organismo ou entidade por non poder asumir as funcións outro existente, así como a inexistencia de duplicidades.

b) A verificación da sustentabilidade financeira, que comprenderá, como mínimo, os seguintes aspectos:

1. No caso de organismos públicos e fundacións do sector público estatal, a apreciación da causa de disolución prevista no artigo 96.1.e) da Lei 40/2015, atendendo ás fontes de financiamento dos gastos e dos investimentos do organismo ou entidade, así como á incidencia, de ser o caso, sobre os orzamentos xerais do Estado.

2. Para o resto de organismos e entidades do sector público estatal observárase o disposto na súa normativa, no caso de que haxa algunha previsión específica con respecto á sustentabilidade financeira e, na súa falta, atenderase á capacidade do organismo ou entidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial que, se é o caso, lles resulten aplicables.

c) A verificación da concorrencia das causas de disolución referidas ao incumprimento dos fins que xustificaron a súa creación ou que a súa subsistencia non resulte o medio máis idóneo para logralos, mediante a comprobación de, entre outros aspectos, se as funcións que desempeña as pode cumprir outro organismo ou entidade existente, ou ben se se produce unha duplicidade coa actividade que desenvolve outro órgano ou entidade.

Artigo 9. *Sistema de información.*

1. No marco das competencias da Intervención Xeral da Administración do Estado e das que se lle atribúen para os efectos do sistema de supervisión continua do sector público institucional, os suxeitos recollidos no artigo 2 desta orde estarán obrigados a remitir, a través do sistema de información que habilite a dita intervención, a seguinte información:

a) Información anual actualizada sobre a subsistencia das circunstancias que xustificaron a súa creación.

b) Para os entes que teñan a consideración de administracións públicas para os efectos do Sistema europeo de contas, con periodicidade anual, o cálculo da súa necesidade de financiamento. No caso de entes que non teñan a consideración de Administración pública, con periodicidade anual, o importe do seu resultado bruto de explotación.

c) Con periodicidade anual, un informe sobre as fontes de financiamento dos gastos e dos investimentos do organismo ou entidade, así como a súa incidencia, de ser o caso, sobre os orzamentos xerais do Estado, no caso de organismos públicos e fundacións do sector público estatal. O resto de organismos ou entidades deberán remitir información relativa ás previsións específicas sobre sustentabilidade financeira que lles sexan aplicables e, na súa falta, sobre a súa capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial que lles resulten aplicables.

d) Aquela información non incluída nos puntos anteriores que se considere necesaria para levar a cabo as verificacións previstas no sistema de supervisión continua.

2. Co fin de evitar duplicidades administrativas, exclúese do deber de remisión previsto no punto anterior toda aquela información que estea á disposición da Intervención Xeral da Administración do Estado, tanto para os efectos do procedemento de rendición de contas anuais como en cumprimento do principio de transparencia, ou ben en virtude doutras obrigas legalmente establecidas.

Artigo 10. *Actuacións de supervisión continua.*

Enténdese por actuacións de supervisión continua o conxunto de verificacións e análises, preferentemente automatizadas, realizadas coa finalidade de avaliar o cumprimento dos obxectivos do sistema de supervisión continua, así como as actuacións de control concretas que, coa mesma finalidade, se acorde realizar no ámbito do control financeiro permanente ou da auditoría pública previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

CAPÍTULO II

Planificación

Artigo 11. *Planificación das actuacións de supervisión continua.*

1. As actuacións de supervisión continua de carácter automatizado realizaranse, polo menos con periodicidade anual, sobre todas as entidades incluídas no ámbito subxectivo de aplicación, sempre que exista información abonda para o cumprimento dos fins da supervisión continua ou, na súa falta, sobre as entidades que determine o director da Oficina Nacional de Auditoría, e os seus resultados plasmaranse na memoria prevista no artigo 14.2 da presente disposición.

2. As actuacións de supervisión que se acorde realizar no ámbito do control financeiro permanente ou da auditoría pública previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, planificaranse da forma prevista no artigo seguinte.

Artigo 12. *Inclusión de actuacións nos plans anuais de control.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Oficina Nacional de Auditoría, decidirá anualmente a realización de actuacións de control concretas no marco da supervisión continua, atendendo aos medios dispoñibles e a unha análise de riscos, tendo en conta:

- a) A información que se desprenda das actuacións de supervisión continua automatizadas.
- b) Os resultados das actuacións de control interno efectuadas pola propia Intervención Xeral da Administración do Estado.
- c) As propostas das inspeccións de servizos nos departamentos ministeriais.

2. Unha vez seleccionados os organismos ou entidades que van estar suxeitos a comprobacións, verificacións ou actuacións que se integren no ámbito do control financeiro permanente ou da auditoría pública, incorporaranse as actuacións concretas no seguinte plan anual de control que se vaia aprobar ou ben modificarse o correspondente plan de control que estea en vigor.

CAPÍTULO III

Execución

Artigo 13. *Supervisión continua automatizada.*

1. Na medida do posible, a supervisión continua levarase a cabo de forma automatizada sobre a base do sistema de información descrito no artigo 9, explotando a

información dispoñible en virtude do previsto nesta orde de acordo coas disposicións clave, criterios técnicos ou ratios que permitan a súa axeitada valoración.

2. Con independencia dos informes emitidos como consecuencia das actuacións previstas no artigo seguinte, anualmente elaborárase unha memoria que recolla unha avaliación dos resultados das actuacións de supervisión continua baseadas en verificacións automatizadas, cuxo contido e data de elaboración determinará a Oficina Nacional de Auditoría.

Artigo 14. *Actuacións de control financeiro permanente ou auditoría pública.*

1. As actuacións de control levaraas a cabo a Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Oficina Nacional de Auditoría.

Non obstante, en función dos medios dispoñibles, poderase asignar a execución dos traballos ás intervencións delegadas nos departamentos ministeriais, entidades ou órganos de vinculación, dependencia, tutela ou adscrición, ás intervencións rexionais e territoriais e, no ámbito das súas competencias, á Intervención Xeral da Defensa e á Intervención Xeral da Seguridade Social.

2. As actuacións de control concretas realizadas no marco do sistema de supervisión continua serán as que resultasen incluídas nos respectivos plans anuais de control, de conformidade co indicado no artigo 12, e rexeranse pola normativa propia da modalidade de control de que se trate, sen prexuízo de que a Oficina Nacional de Auditoría poida ditar unhas instrucións específicas.

CAPÍTULO IV

Avaliación

Artigo 15. *Resultados das actuacións de supervisión continua.*

1. Os resultados do sistema de supervisión continua plasmaranse:

a) Na memoria anual relativa ás actuacións de supervisión continua automatizadas prevista no artigo 12.2.

b) Nos informes de control emitidos como consecuencia da execución de actuacións de control financeiro permanente e auditoría pública, de conformidade coas normas aplicables a estas modalidades de control.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado poñerá en coñecemento do Ministerio de Facenda e Función Pública un informe de avaliación coas conclusións e recomendacións de mellora, xunto coas propostas de transformación ou supresión do organismo público ou entidade que se formulen, para o cumprimento dos obxectivos da supervisión continua, e coa opinión ou valoración, de ser o caso, dos órganos de dependencia, vinculación, tutela ou adscrición.

Disposición adicional única. *Sistema de información da Intervención Xeral da Administración do Estado.*

Os organismos e entidades incluídos no ámbito de aplicación desta norma remitirán a información a que se refire o artigo 9, a través das aplicacións RED.coa ou CICEP.red, segundo corresponda.

Para estes efectos, as entidades que utilizan CICEP.red efectuarán a remisión da información como parte da información anual requirida na normativa respectiva, cos mesmos requirimentos técnicos que a citada información anual, agás a dilixencia de sinatura, mediante identificación do responsable do departamento financeiro da entidade por certificado electrónico persoal de sinatura electrónica dos previstos nas leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As entidades que utilizan RED.coa efectuarán a remisión da información anual requirida no artigo 9 de forma similar e cos mesmos requirimentos técnicos que a información remitida con periodicidade mensual, mediante identificación do xefe de contabilidade da entidade por certificado electrónico persoal de sinatura electrónica dos previstos nas leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A primeira información deberase remitir ao mesmo tempo que as contas anuais do exercicio 2018 ás devanditas aplicacións.

Disposición transitoria única. *Implantación do sistema de supervisión continua.*

A implantación do sistema de supervisión continua realizarase de forma progresiva atendendo á adaptación dos organismos e entidades integrantes do sector público institucional estatal á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta e na disposición transitoria segunda da citada norma.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de abril de 2018.—O ministro de Facenda e Función Pública, Cristóbal Montoro Romero.